



BBVA

Document@

Marzo 2002

Confederación Intersindical Galega ♦ SECCIÓN SINDICAL BBVA

Acordo sobre

Tarifas e Servizos Bancarios

Para o cadro de persoal do BBVA

1º O presente Acordo homoxeiniza as condicións de tarifas e servizos bancarios ao persoal de BBVA, derogando as condicións que rexian nesta materia nas Entidades de procedencia, e sendo, portanto, a partir da súa sinatura, o único rexime vixente nesta materia para todos os empregados en activo e en situación de prexubilación do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria en España.

2º A evolución dos prezos e tarifas naqueles produtos non referenciados no presente Acordo, será fixada polo Banco. O Banco informará á Representación Sindical, con alomenos 10 días de antelación á súa publicación, sobre as modificacións de prezos e tarifas a empregados, sendo ouvidas as recomendacións que planteen sobre o particular.

3º As tarifas e condicións que se citan a continuación afectarán ao persoal que faga uso normal dos servizos referidos como consecuencia lóxica da súa condición de empregado. Cando a utilización dos mesmos teña a súa orixe nunha relación comercial, operarán as tarifas normais a clientes, sen prexuízo do trato preferencial que, como tal cliente, poda merecer a xuízo da Dirección da Oficina afectada.

4º CONTAS DE EMPREGADOS.

Considerarán-se contas de empregados, as contas da súa titularidade exclusiva ou de carácter solidario con outros titulares (de uso particular e non para actividades comerciais ou mercantís).

Conta corrente de abono de nómina.

As condicións desta conta serán as seguintes:
Interese acreedor: 70% do Euribor meo a 6 meses do mes anterior ao inicio do período de liquidación (actualmente toma-se en consideración o Euribor dos meses de Novembro e Maio).

Período de liquidación:

As liquidacións de intereses efectuarán-se nos períodos que teña definido o Banco para os clientes.

Intereses debedores.

Até 1.000 Euros, interese recíproco (70% do Euribor considerado). A partir de dita cifra, tratamento como clientes.

Isenta de comisións de mantemento, administración e de descubertos.

Resto de contas de empregados.

Terán a mesma retribución de saldos acreedores que a conta de abono de nómina. Os saldos debedores segundo tarifa a clientes, calquera que sexa o importe do descuberto.

Estas contas tamén estarán isentas de comisións de mantemento, administración e descubertos.

Aplicación dos novos tipos de interese.

Os novos tipos de interese aplicarán-se para o total do período que comprenda a próxima liquidación do mes de Xuño.



5º SERVICIOS BANCARIOS.

Isenzón das comisións fixadas polo Banco nas operacións que se citan a continuación.

Operacións de Caixa: Cheques, talóns e transferencias.

Tarxetas de crédito: cuota de emisión en principal e adicionais, e tarxeta ouro.

Tarxetas de débito: Tarxeta Servired.

Disposicións por ventanillo ou caixeiro contra conta corrente, na Rede do propio Banco ou Servired.

Cheques carburante.

Cheques de viaxe.

Merca venda de billetes **moeda estranxeira:** aplicación do troco meio mercador/vendedor.

Valores: subscrizóns, excepto letras do tesouro que se aplicaría a tarifa; custodia e administración de depósitos; abono de dividendos e intereses (depósito e anotacións); asistencia a Xuntas; e amortizacións e canxes (depósitos e anotacións, excepto letras do tesouro).

As operacións de Valores isentas de comisións serán as que estexan a nome dos empregados, do seu cónxugue ou dos fillos cos que convivan e sexan menores de 25 anos.

Libretón.

Fondos de investimento: subscrizóns e reembolsos, con repercusión dos comisións que, no seu caso, aplique a Sociedade xestora.

Gastos de correo naquelas operacións que incluan este concepto.

Estabelecemento de condicións especiais en:

Tarxeta de crédito Supercompra e pago aprazado

VISA: Cada ano natural calculará-se a comisión mensual vixente para ese ano, equivalente á doceava parte do EURIBOR meio a 1 ano do mes de Outubro anterior mais 3 puntos. Mínimo mensual 1/12 de 4,75%.

O novo tipo aplicará-se desde a próxima liquidación do mes de Abril.

Seguros comercializados polo Banco, formalizados a nome do empregado e o seu cónxugue, a partir da data deste Acordo, aplicará-se a bonificación que se indica seguidamente sobre as primas netas:

Eurohogar: 10%.

Seguro sobre operacións de crédito: 12%.

Eurovida: 4%.

6º PRESTAMOS E CRÉDITOS COMERCIAIS.

PRESTAMO HIPOTECARIO VIVENDA:

Tipo de interese nominal Variabel (revisión anual)

Euribor meio a 1 ano para préstamos hipotecarios

publicado no Boletín Estatístico do Banco de España, do mes anterior á data da concesión do préstamo mais 0,50 puntos, sen redondeo.

Comisións: Isentas.

Aplicación do novo tipo de interese. Para todos aqueles préstamos xa en carteira que estexan referenciados a Euribor, procederá-se a adecuar o novo tipo de interese de forma automática, mediante o procedemento operativo que se considere mais idóneo.

Naqueles créditos referenciados a índice distinto a Euribor ou a interese fixo, requirirán da petición expresa do empregado, e no seu caso, das formalidades e gastos que procederen, para adecuarlos a estas novas circunstancias.

Os novos tipos farán-se efectivos na primeira liquidación que se efectúe a partir do mes de Abril.

CREDITO CONSUMO:

Tipo de interese nominal, fixo para toda a duración do crédito: EURIBOR a 1 ano vixente no momento de formalizar a operación, mais 3 puntos. **Sen comisións.**

RESTO OPERACIÓNS E SERVICIOS:

Isenzón do 50% da Tarifa sobre comisións e gastos cobrada polo Banco e aplicada a clientes nas operacións ou servizos que o Banco empresta, repercutindo-se os gastos percebidos por terceiros.

7º Ao **personal pasivo** serán-lle de aplicación as condicións previstas neste Acordo.

8º As partes asinantes asumen o compromiso de que no caso de que se produzan circunstancias que así o aconsellen, e a petición de calquera delas, desenvolverán-se conversacións para adaptar estas condicións ás novas circunstancias mediante novo Acordo.

Madrid, 15 de marzo de 2002



Confederación Intersindical Galega